

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001148	As Mariñas	Betanzos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0602	Xestión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas	2023/2024	4	70	84

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LOURDES CONDE CHARLÓN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de "Xestión da Montaxe e do Mantemento de Instalacións Eléctricas" atópase dentro do título de grao superior "Sistemas Eléctricos e Automatizados", correspondente á familia Profesional de "Electricidade e Electrónica".

As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade en pequenas e medianas empresas, maioritariamente privadas, dedicadas ao desenvolvemento de proxectos, á xestión e á supervisión da montaxe e do mantemento de: instalacións eléctricas, instalacións de sistemas

domóticos e inmóticos, instalacións de infraestruturas de telecomunicación en edificios e a instalación de sistemas automatizados, tanto por conta propia como por conta allea.

A traxectoria profesional típica dun técnico electricista é empezar traballando por conta allea integrados nun equipo de traballo. Có paso de tempo ben terminan sendo encargados de obra (mando intermedio) ou ben terminan montando unha pequena empresa (xerente). Ámbolos dous postos son de xestión.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de xestión e supervisión da montaxe e do mantemento das instalacións eléctricas de baixa tensión no contorno de edificios.

Sistema de xestión é extrapolable ao resto de instalacións.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Planificación da montaxe de instalacións eléctricas.	Explicase a técnica para planifica-lo traballo descrito no proxecto técnico.	20	22
2	Plan de aprovisionamentos de instalacións eléctricas.	Elaboración do plan de aprovisionamentos de instalacións eléctricas.	12	10
3	Recepción e xestión dos materiais no almacén e na obra.	Métodos para a recepción e xestión dos materiais no almacén.	10	10
4	Xestión e seguemento da montaxe en obra de instalacións eléctricas.	Técnicas empregadas para o seguemento da montaxe en obra de instalacións eléctricas.	14	20
5	Documentación e posta en servizo de instalacións eléctricas.	Descríbense todos os trámites administrativos necesarios cara a executar unha obra eléctrica, antes e despois da realización da mesma.	16	20
6	Xestión de mantemento de instalacións eléctricas.	Descríbese como se fai a xestión de mantemento de instalacións eléctricas.	12	18

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Planificación da montaxe de instalacións eléctricas.	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza o aprovisionamento para a montaxe de instalacións eléctricas, para o que analiza os requisitos da instalación e a documentación técnica para a montaxe.	NO
RA3 - Planifica a montaxe de instalacións eléctricas en edificios e liñas de distribución, para o que analiza plans de montaxe e define as fases de execución.	SI
RA6 - Planifica o mantemento e a xestión de residuos das instalacións eléctricas en edificios e no contorno de edificios, para o que identifica necesidades e elabora programas de mantemento e xestión de residuos.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as partes do proxecto ou da memoria técnica.
CA1.4 Identifícanse as fases do plan de montaxe da instalación.
CA3.1 Recoñeceuse a documentación técnica, a normativa e os regulamentos que afectan a montaxe.
CA3.1.1 Identifícanse as características técnicas aplicable ó proxecto.
CA3.2 Identifícanse as fases do proceso de montaxe.
CA3.3 Determináronse as necesidades de cada fase da montaxe.
CA3.4 Recoñecéronse os materiais, as ferramentas e a maquinaria de cada fase da montaxe.
CA3.4.1 Identifícase a maquinaria utilizada na montaxe de instalacións. (3.15)

Criterios de avaliación
CA3.5 Determináronse os recursos humanos de cada fase da montaxe.
CA3.6 Avaliáronse os puntos críticos da montaxe.
CA3.7 Representouse o cronograma da montaxe segundo as súas fases.
CA3.8 Determináronse os medios de protección necesarios.
CA3.9 Prevíronse continxencias e propuxéronse solucións para a súa resolución.
CA3.10 Elaborouse o plan de montaxe.
CA3.11 Identificou os diferentes tipos de proxectos.
CA3.12 Identificou as fases dun proxecto.
CA3.13 Recoñeceu os integrantes e os organismos interviñentes nun proxecto.
CA3.14 Comprende a necesidade de facer un estudio de viabilidade do proxecto.
CA3.15 Identificou as formas de adjudicación dun proxecto e a súa influencia sobre a planificación.
CA3.16 Comprende as vataxes dos sistemas de calidade.
CA3.17 Identificou a normativa para a xestión de residuos.
CA3.18 Elaborouse un plan de xestión de residuos.
CA6.9 Recoñecéronse os tipos de residuos dunha instalación.
CA6.10 Planificouse o programa de xestión de residuos.
CA6.11 Estableceuse un sistema de seguemento de xestión de residuos.

4.1.e) Contidos

Contidos
Partes do proxecto aplicables á montaxe: memoria descritiva, medicións, orzamento, anexos e características técnicas.
Fases do plan de montaxe de instalacións eléctricas. (CA1.4)
Tipos de proxectos eléctricos. (CA3.11)
0 Técnicas procedementais para a xestión de proxectos.
0 Representación do cronograma da montaxe segundo as súas fases. (CA 3.7)
0 Necesidades de cada fase da montaxe. (CA3.3)
0 Recursos humanos necesarios para cada fase da montaxe. (CA3.5)
0 Prevíronse continxencias e propuxéronse solucións para a súa resolución.(CA3.9)
Proxecto de obra. Desenvolvemento de proxectos eléctricos. Fases e planificación.
Características técnicas e normativas para a montaxe de canalizacións. Instrucións técnicas específicas. Instrucións dos fabricantes.
Características técnicas e normativa para a montaxe: normas autonómicas e locais.
Ferramentas e equipamentos de medida utilizados na montaxe de instalacións eléctricas. Ferramentas específicas para a montaxe de instalacións eléctricas. Ferramentas de obra civil. Equipamento básico de medidas segundo o REBT.
Medios de prevención e protección (CA3.8)
Maquinaria utilizada na montaxe de instalacións.
Técnicas de planificación aplicadas á montaxe de instalacións. Xestión da montaxe: fases e planificación.
Temporalización de procesos de montaxe. Técnicas de planificación da montaxe. Coordinación de procesos.
Fases dun proxecto. (CA3.12)
Integrante e organismos que interveñen nun proxecto. (CA3.13)
Estudio de viabilidade un proxecto. (CA3.15)
Formas de odxudicación dunha obra e a súa influencia en na planificación. (CA3.16)
Sistemas de Calidade adaptados a unha empresa de instalacións eléctricas. (CA3.17)

Contidos
<p>Normativa de xestión de residuos (CA 3.18)</p> <p>Plan de xestión de residuos.(CA 3.19)</p> <p>Características técnicas dos proxectos eléctricos aplicables á montaxe.</p> <p>0Xestión de residuos industriais: normas de aplicación.</p> <p>Plan de xestión de residuos. Partes e elementos do plan de xestión de residuos.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Plan de aprovisionamentos de instalacións eléctricas.	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza o aprovisionamento para a montaxe de instalacións eléctricas, para o que analiza os requisitos da instalación e a documentación técnica para a montaxe.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Definíronse os puntos críticos de aprovisionamento.
CA1.3 Definiuse o sistema de codificación para a identificación e a rastrexabilidade dos materiais.
CA1.5 Recoñecéronse os equipamentos e os elementos asociados a cada fase da montaxe.
CA1.6 Establecéronse as condicións de subministración de cada material ou equipamento.
CA1.7 Elaborouse o plan de aprovisionamento.
CA1.8 Relacionáronse os plans de aprovisionamento e de montaxe.

4.2.e) Contidos

Contidos
Certificación de obra. Certificacións técnicas. Homologacións de produtos. Normas internacionais. <i>Certificacións técnicas. Homologacións de produtos. Normas internacionais.</i>
Aprovisionamento de instalacións eléctricas. Métodos: procesos de aprovisionamento. Técnicas de planificación do aprovisionamento. Xestión do aprovisionamento e do control.
Técnicas de codificación de elementos da instalación. Normas de codificación (UNE, ISO, etc.).
Representación gráfica: diagramas de fluxo. Detección de necesidades no aprovisionamento de equipamentos e elementos.
Aplicación do plan de montaxe á organización do aprovisionamento. Follas de control. Albarás. Planificación do aprovisionamento. Software específico de control e planificación do aprovisionamento.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Recepción e xestión dos materiais no almacén e na obra.	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Define as características de aceptación de materiais e medios para a montaxe de vivendas, locais e redes de distribución, para o que analiza plans de aprovisionamento, aplicando técnicas de xestión de almacén.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Recoñecéronse os tipos de almacén de empresas eléctricas.
CA2.2 Prevíronse as características do almacén de obra.
CA2.3 Recoñecéronse os tipos de listaxes de almacén.
CA2.4 Aplicáronse técnicas de xestión e organización de almacéns.

Criterios de avaliación
CA2.5 Empregáronse técnicas de control de recepción de subministracións (transporte, prazos, pautas, etc.).
CA2.6 Elaboráronse follas de entrega de material.
CA2.7 Identifícaronse posibles continxencias.
CA2.8 Propuxéronse solucións alternativas ante posibles continxencias (demoras e rexeitamentos, etc.).

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Técnicas de codificación de elementos da instalación. Normas de codificación (UNE, ISO, etc.).</p> <p>Tipos de almacéns nas empresas de electricidade: almacéns de empresa, de provisionais e de urxencia.</p> <p>Técnicas de almacén: criterios de almacenamento e de organización.</p> <p>Documentación técnica de control de almacén. Xestión de albarás e documentación de entrada.</p> <p>Coñecementos básicos de contabilidade (descontos na tarifa, etc.). Conceptos básicos de economía aplicados ao almacén.</p> <p>Técnicas de aprovisionamento e control de existencias.</p> <p>Almacén de obra: características e situación. Precaucións.</p> <p>Recursos e documentación.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Xestión e seguemento da montaxe en obra de instalacións eléctricas.	14

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Caracteriza os procesos de xestión da montaxe de instalacións eléctricas, analizando plans de montaxe e estudos de seguridade.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse todas as partes do plan de montaxe.
CA4.2 Planifícase o control de avance de obra.
CA4.3 Adequouse o plan de montaxe ás características da instalación.
CA4.4 Recoñecéronse técnicas de xestión de persoal na execución das instalacións eléctricas.
CA4.5 Aplícanse técnicas de xestión de materiais e elementos para a montaxe de instalacións.
CA4.6 Recoñecéronse procedementos para a xestión da montaxe.
CA4.7 Determináronse indicadores de control da montaxe.
CA4.8 Aplícase durante a montaxe a normativa electrotécnica e de seguridade no traballo.
CA4.9 Aplícanse técnicas de xestión de residuos.

4.4.e) Contidos

Contidos
Seguimento de xestión de residuos durante a realización da obra (CA4.9)
Contidos dos plans de montaxe: datos xerais, necesidades, calendario de pedidos e recepción de material, calendario de actuación, etc.
Contidos dos plans de montaxe.
Técnicas de xestión de recursos humanos e materiais. Organización dos recursos humanos. Planificación. Organigramas de empresas do sector eléctrico.
Ferramentas informáticas para a xestión de recursos humanos e materiais. Software xeral para a xestión da montaxe e dos recursos humanos e materiais (Word, Access, Excel e Autocad, etc.). Software específico.
Procedementos e indicadores de xestión. Criterios de aceptación de instalacións, de materiais e de técnicos. Indicadores dos procesos de montaxe e da instalación (calidade da instalación, adecuación ao REBT, adecuación ao proxecto e cumprimento de prazos
Temporalización de procesos de montaxe.

Contidos
Normativa: REBT, código técnico de edificación e normas internacionais (ISO 9000, ISO 14000 e EFQM, etc.).

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Documentación e posta en servizo de instalacións eléctricas.	16

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Documenta a posta en servizo das instalacións electrotécnicas, atendendo aos requisitos funcionais e á normativa.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Recoñecéronse as instrucións técnicas do REBT aplicables á instalación.
CA5.2 Determináronse as medicións necesarias para a aceptación da instalación.
CA5.3 Determináronse os valores mínimos de illamento, rixidez dieléctrica, resistencia de terra e correntes, e fugas aceptables para a aceptación da instalación.
CA5.4 Recoñecéronse as actuacións básicas que cumpra realizar para a posta en servizo dunha instalación (continuidade, accesibilidade e alturas, etc.).
CA5.5 Realizáronse os ensaios dos elementos de protección.
CA5.6 Realizáronse as medidas necesarias para a análise da rede de subministración (detección de harmónicos e perturbacións).
CA5.7 Propuxéronse verificacións específicas en locais de pública concorrencia, industriais e con fins especiais.
CA5.8 Determináronse medidas de seguridade específicas na posta en marcha de instalacións de vivendas e locais.

4.5.e) Contidos

Contidos
Certificación de obra. Certificacións técnicas. Homologacións de produtos. Normas internacionais. Certificación de obra. Procedementos de posta en servizo (continuidade, accesibilidade, distancias mínimas, etc.). Métodos de posta en marcha. Aparellos de medición (medidor de illamentos e de terras, sensibilidade dos diferenciais, etc.). Erros nos aparellos de medida. Valores mínimos de aceptación (illamento, resistencia, rixidez, tempo de disparo, etc.). Valores aceptados nas normas estatais e autonómicas. Requisitos de posta en marcha. Ensaio de elementos de protección (sensibilidade, tempo de disparo, coordinación, etc.). Técnicas de medida dos elementos de protección. Criterios de aceptación e rexeitamento. Análise da rede de subministración: harmónicos, perturbacións, nivel de tensión, estabilidade, etc. Técnicas e equipamentos para a medición e a detección de harmónicos e perturbacións en redes eléctricas e de telecomunicacións. Revisión de locais de pública concorrencia: puntos críticos e plan de revisións, etc. Medicións de tomas de terra: valores de aceptación. Iluminación de emerxencia. Xestión do plan de revisións. Medidas de seguridade. Illamentos. Seguridade dos elementos con risco de incendio ou explosión. Normativa.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión de mantemento de instalacións eléctricas.	12

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Planifica o mantemento e a xestión de residuos das instalacións eléctricas en edificios e no contorno de edificios, para o que identifica necesidades e elabora programas de mantemento e xestión de residuos.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse as partes e os elementos da instalación susceptibles de mantemento.
CA6.2 Planifícase o aprovisionamento de cada unha das partes.
CA6.3 Estableceuse un procedemento de operacións básicas de mantemento preventivo e correctivo.
CA6.4 Programouse o mantemento da instalación tendo en conta as súas características.
CA6.5 Identifícanse as instrucións de fábrica dos equipamentos e dos elementos que interveñen na instalación.
CA6.6 Propuxéronse axustes dos equipamentos e dos elementos para o seu bo funcionamento.
CA6.7 Determinouse a compatibilidade dos equipamentos ou dos elementos.
CA6.8 Elaboráronse programas de mantemento.
CA6.9 Recoñecéronse os tipos de residuos dunha instalación.
CA6.10 Planifícase o programa de xestión de residuos.
CA6.11 Estableceuse un sistema de seguemento de xestión de residuos.

4.6.e) Contidos

Contidos
Puntos susceptibles de mantemento nunha instalación eléctrica: Elementos e sistemas susceptibles de mantemento en instalacións en vivendas (illamento de condutores, conexións, mecanismos, tomas de terra e instalación común de telecomunicacións, etc.). Ele
Contidos básicos dun plan de mantemento: datos xerais, necesidades, calendario de revisións e recambios, calendario de actuacións, etc. Follas de control.
Detección e control de indicadores de procesos de mantemento: criterios de aceptación. Indicadores de procesos, de procedemento e de servizo.
Normas de calidade aplicables aos plans de mantemento: normas ISO9000 e EFQM.

Contidos

Técnicas de xestión de recursos humanos e materiais.

Ferramentas informáticas para a xestión de recursos humanos e materiais.

Procedementos e indicadores de xestión. Procesos de xestión de recursos humanos: indicadores de aceptación.

Normativa relacionada.

Aprovisionamento de materiais e xestión de existencias.

Mantemento preventivo e correctivo: concepto, tarefas e exemplos de aplicación.

Mantemento de mecanismos, de instalacións, de condutores e canalizacións, das ICT, das liñas de distribución e individuais, e das proteccións.

Técnicas de planificación de mantemento. Xestión do mantemento. Procedementos para a planificación. Indicadores de control do mantemento. Follas de ruta.

Instrucións de mantemento de fabricantes.

Parámetros de axuste para a mellora do mantemento: criterios e valores de aceptación.

Recepción de materiais.

Uso de catálogos dos fabricantes para a determinación da compatibilidade. Instrucións dos fabricantes. Ferramentas informáticas para a organización do mantemento e o control das avarías.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva do módulo están referenciados nos apartados 4.d), especificados para cada unidade didáctica.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Basándonos nos criterios de avaliación, expostos no apartado 4.d), para a consecución dos obxectivos, os criterios de cualificación para superar cada avaliación son:

- Proba escrita de carácter teórico baseada nos contidos das UD correspondentes. Esta proba terá un peso do 60% da nota.
- Supostos prácticos realizados ó longo de cada avaliación que terán un peso do 40% da nota final da avaliación. Estos supostos prácticos avaliaranse tendo en conta diversos aspectos como a puntualidade na entrega, que a solución sexa completa, correcta e intelixible e que a presentación sexa axeitada, ordenada, clara e limpa.

Para apobar a avaliación será necesario obter, como mínimo, un 30% na proba teórica e un 20% nos supostos prácticos plantexados en cada avaliación.

O procedemento a seguir para superar o módulo será a media aritmética dos resultados de cada avaliación (dous avaliacións por curso académico)

Considérase aprobado ou superado o módulo cando a media das dúas avaliacións sexa de 5 ou superior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1- Se o alumno acadou unha cualificación negativa durante o curso entón, e debido ao carácter continuo da avaliación, só se realizarán recuperacións pouco antes da avaliación previa á FCT, naqueles casos e de aquelas partes da materia que a profesora considere oportuno ao non acadar o alumno unha cualificación positiva.

2- Se o alumno/a acadou unha nota insuficiente na avaliación de marzo entón, mentres que os alumnados aprobados están a realizar o módulo profesional da FCT, os alumnos/as suspensos asistirán a un número de sesións semanais para a recuperación deste módulo. Estas sesións serán de obrigada asistencia e, nelas desenvolveranse todos os contidos relatados nesta programación. Programaranse novas probas e actividades de avaliación.

Para aprobar o módulo os alumnos/as realizarán unha proba, de carácter final, no mes de xuño seguindo os criterios de cualificación expostos no apartado 5.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos con perda de dereito a avaliación continua serán avaliados ao final do curso por medio de unha única proba que constará de dúas partes:

- Primeira parte: consistirá nunha proba escrita de carácter teórico dos contidos conceptuais de cada unidade didáctica. Esta proba terá un peso do 50% da nota final.

- Segunda parte: Desenvolverán un suposto práctico proposto pola profesora aplicando as técnicas necesarias para a consecución dos obxectivos do suposto. Para esta proba poderán facer uso de toda a información en formato papel (apuntes, libros, regulamentos, etc) que consideren oportuno. Esta proba terá un peso do 50% da nota final.

Ningunha das probas será excluínte.

Para a superación do módulo será necesario, como mínimo, a obtención dun 5.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A avaliación tomará en consideración a totalidade de elementos que forman parte de feito educativo. En consecuencia, non será exclusivamente o alumnado obxecto de avaliación, senón tamén a labor docente, así como a metodoloxía e os medios empregados. Así entendida, a avaliación non é unha finalidade en si mesma, senón un medio para mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe; que atende aos diferentes contidos (conceptuais, procedimentais e de actitude) empregando elementos variados. Por outro lado a avaliación é orientadora, dado que achega ao alumno a información que precisa para mellorar a súa aprendizaxe. Incrementouse na táboa de relación de unidades didácticas unha nova columna para rexistrar a duración real de cada unha das unidades didácticas co fin de facer un seguimento do tempo real de duración.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Inicialmente realizarase unha avaliación do alumnado con intención de determinar se algún alumno/a precisa de atención individualizada. Haberá dúas canles:

- 1- O alumnado que precise atención individualizada deberá facelo constar a través da documentación expedida por persoal facultativo con titulación suficiente.
- 2- A observación da profesora na aula. De sospeitar que hai alumnado con necesidades especiais acudirá ao departamento de orientación do instituto para determinar as medidas a adoptar.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Logo da avaliación inicial, determinarase se contamos con alumnos ou alumnas con necesidades educativas especiais (discapacidade ou trastornos graves de conducta, alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo español) e tomaranse medidas de reforzo axeitadas as necesidades persoais de cada un en coordinación co departamento de orientación.

Se ben, o alumnado non é homoxéneo nin en coñecementos previos, nin en intereses, nin no ritmo de aprendizaxe, de tal forma que a avaliación inicial e formativa adquire unha especial relevancia pois permítenos detectar unha situación que requira unhas medidas de apoio específicas e darlles resposta na procura dunha educación en igualdade de oportunidades. Polo tanto, cando se detecten obxectivos non acadados ou dificultades concretas que poidan impedir un progreso posterior, levarase a cabo, como primeira medida, un reforzo educativo, sen afectar aso aos elementos prescritos do currículo, modificando a metodoloxía didáctica, as formas e instrumentos de avaliación, adaptando os recursos e materiais empregados, modificando a secuenciación dos contidos ou realizando agrupamentos flexibles. No grupo aula non contamos con alumnado con sobredotación intelectual, mais nos casos de alumnos/as con ritmos de aprendizaxe máis rápidos, introducíranse actividades de ampliación, a fin de cada alumno/a desenvolva as súas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Se traballarán en todas as unidades de traballo as seguintes:

- Actitudes, normas e valores necesarios para a convivencia no entorno educativo.
- Desenvolvemento persoal e integración no grupo.
- Desenvolvemento da autoestima.
- A iniciación profesional.
- O traballo en equipo.
- Miramento polo material e os recursos existentes na aula.

Traballarase tamén una actitude activa e responsable no exercicio da profesión.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para a consecución dos obxectivos do módulo determínanse outras actividades complementarias ós contidos de cada unidade didáctica, podendo realizarse tanto dentro como fóra do centro.

As actividades extraescolares prográmanse en reunión de departamento segundo necesidades de tempo e presuposto.